

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

CURSO
2019 – 2020

ÍNDICE

<u>1INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</u>	<u>4</u>
1.1Centro : 	4
1.2Alumnado.....	4
1.3Departamento.....	5
<u>2CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</u>	<u>6</u>
<u>3OBJECTIVOS POR CURSO.....</u>	<u>7</u>
3.1Obxectivos Xerais da ESO.....	7
3.2Obxectivos para 1º ESO.....	9
3.3Obxectivos para 2º ESO.....	9
3.4Obxectivos para 3º ESO.....	9
3.5Obxectivos para 4º ESO.....	10
3.6Obxectivos Xerais do Bacharelato.....	10
3.7Obxectivos para 1º BACHARELATO.....	11
3.8Obxectivos para 2º BACHARELATO.....	12
<u>4TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....</u>	<u>13</u>
4.1Relación de Aspectos Curriculares Para Cada Unidade Didáctica Para XX ESO.....	13
4.2Relación de Aspectos Curriculares Para Cada Unidade Didáctica Para xx BAC.....	18
<u>5METODOLOXÍA.....</u>	<u>22</u>
5.1Aspectos Xerais.....	22
5.2Estratexias Metodolóxicas.....	22
<u>6MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....</u>	<u>22</u>
<u>7CRITERIOS SOBRA A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</u>	<u>23</u>
7.1Avaliación Continua.....	23
7.2Avaliación Final.....	23
7.3Avaliación Extraordinaria.....	23
<u>8INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. .</u>	<u>24</u>
<u>9ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E SEGUIMENTO, RECUERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</u>	<u>27</u>
<u>10ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.....</u>	<u>27</u>

<u>11 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE Poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....</u>	<u>27</u>
<u>12 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</u>	<u>28</u>
<u>13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</u>	<u>28</u>
<u>14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</u>	<u>28</u>
<u>15 MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....</u>	<u>28</u>
<u>16 PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.....</u>	<u>30</u>

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 Centro : IES Torre Ballester

Situación

Rúa Herminia Fariña Cobián 10
36003 Pontevedra

Ensinanzas que oferta o centro

ESO

Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades.

Ciclo Superior de Edificación e Obra Civil.

1.2 Alumnado

O instituto vén contando nos últimos cursos cun número de estudantes próximo ós seiscentos, residentes na súa maioría no propio concello de Pontevedra, aínda que tamén recibe unha importante cantidade de alumnado procedente de concellos veciños (Soutomaior, Vilaboa, Marín, etc.) e algúns chegados do estranxeiro (Marrocos, Colombia, Armenia, México, etc.). Atendendo á procedencia académica do alumnado, o noso instituto conta con tres centros adscritos: o CEIP A Carballeira de Lourizán, e o CEIP San Martiño e o CEIP de Cabanas de Salcedo. Non obstante, nos últimos anos están a aumentar notablemente as solicitudes de matrícula de estudantes procedentes doutros centros de Pontevedra ou de municipios lindeiros.

1.3 Departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Física e química	2º ESO	A, B, C	Silvia Miranda Romero
Física e química	3º ESO	A, B, C, D	Nuria I. Fernández García(X.D.) Cristina Cobas Paz
Física e química	4º ESO	A, B, C	Nuria I. Fernández García Silvia Miranda Romero Cristina Cobas Paz
Ciencias Aplicadas á Actividad Profesional	4º ESO	A, B, C	Cristina Cobas Paz
Física e química	1º Bac	C, D	Cristina Cobas Paz
Física	2º Bac	C, D	Silvia Miranda Romero
Química	2º Bac	C, D	Nuria I. Fernández García

2 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Na área de Física e Química incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

➤ **Comunicación Lingüística (CCL)**

Nesta área é necesaria a comprensión profunda dos textos traballados para entender todo o que se propón ao alumno. A lectura, a escritura e a expresión oral perfílanse por iso como un dos eixesvertebradores necesarios. Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que permitirá un coñecemento máis profundo da materia.

Destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.

➤ **Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)**

O adestramento nesta competencia facilita ao alumnado a adquisición de grande habilidade no manexo do método científico e todo o relacionado con el, o que axuda, á súa vez, a ter unha visión sobre o coidado saudable, e a ser respectuoso no que se refire ao uso sostible das enerxías.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá

➤ **Competencia Dixital (CD)**

Ciencia e tecnoloxía únense da man da competencia dixital. O adestramento nos descritores dixitais pode favorecer a adquisición da maioría dos coñecementos que se van estudar na área, así como achegar ferramentas para que o alumnado poida investigar e crear os seus traballos de campo utilizando ferramentas dixitais.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

➤ **Competencia Aprender a Aprender (CAA)**

O método científico e o enfoque fenomenolóxico fan necesario que a metodoloxía que se empregue posibilite ao alumnado a adquisición da competencia de aprender a aprender. O adestramento nos descritores facilitará procesos de aprendizaxes dinámicos e metacognitivos.

Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

➤ **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**

Favorecer que os estudantes sexan cidadáns reflexivos, participativos, críticos e capaces de traballar en equipo son aspectos que se deben traballar para desenvolver adecuadamente esta competencia, e garda unha estreita relación coas habilidades que debemos adestrar para axudar á formación de futuros profesionais.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

➤ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Adestrar a autonomía persoal e o liderado, entre outros indicadores, axudará aos estudantes a tratar a información de forma que a poidan converter en coñecemento. Esta competencia fomenta a diverxencia en ideas e pensamentos, en formas de iniciativas tan diferentes como temas e persoas hai. Será importante adestrar cada un dos seguintes descritores para ofrecer ao alumnado ferramentas que possibiliten o adestramento desta competencia na área de Física e Química:

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

➤ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Esta competencia posibilita que os alumnos e alumnas traballen tendo en conta aspectos que favorezan todo o relacionado coa interculturalidade, a expresión artística, a beleza, etc. Desde a área de Física e Química favorécese o traballo e desenvolvemento desta competencia a partir do adestramento dos seguintes descritores:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

3 OBXECTIVOS POR CURSO

3.1 Obxectivos para 2º ESO

En resumo, os obxectivos concretos que se pretenden acadar ao longo deste curso nesta materia son os seguintes:

1. Utilizar o método científico como estratexia de afondamento no coñecemento.
2. Coñecer as investigacións e descubrimentos de científicos e científicas galegos.
3. Traballar con magnitudes desde diferentes enfoques.

4. Usar con autonomía os instrumentos e materiais básicos do laboratorio.
5. Desenvolver traballos de investigación para afondar no feito científico.
6. Recoñecer as aplicacións e características principais da materia.
7. Coñecer as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia, os seus cambios de estado e as leis dos gases, e explicalas de acordo coa TCM.
8. Relacionar as variables que interveñen no estado dun gas utilizando gráficas e/ou táboas.
9. Recoñecer a diferenza entre substancias puras e mesturas, e as súas aplicacións.
10. Discernir os cambios físicos e químicos que se producen na formación de substancias.
11. Describir o proceso de transformación dos reactivos en produtos.
12. Realizar experiencias sinxelas sobre a lei de conservación da masa e os factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas.
13. Reflexionar sobre a importancia da industria química.
14. Recoñecer distintas forzas que están presentes na natureza, os cambios de estado que producen no movemento e algúns dos seus efectos.
15. Coñecer as máquinas simples e a súa utilidade para transformar o movemento e reducir a forza aplicada.
16. Analizar a forza gravitacionale os elementos que a compoñen para comprender e aplicar a lei de gravitación universal.
17. Explorar os niveis de agrupación dos corpos celestes, as forzas que interveñen entre eles e as unidades de lonxitude necesarias para medir as distancias que os separan.
18. Afondar no coñecemento da enerxía e as súas diversas manifestacións, identificándoas en situacións cotiás e experiencias prácticas.
19. Comprender tanto o principio de conservación da enerxía como procesos de transformación de enerxía mecánica ou térmica e aplicalos na resolución de problemas, experimentos ou traballos prácticos.
20. Coñecer que é unha onda, examinar as ondas mecánicas electromagnéticas e analizar calidades, fenómenos e efectos propios do son e da luz.
21. Contrastar fontes de enerxías renovables e non renovables, e o impacto que xeran na sociedade e no ambiente.
22. Analizar datos sobre o consumo enerxético e os seus problemas derivados e explicar medidas e solucións que favorezan un consumo responsable e a sostibilidade do ambiente.

3.2 Obxectivos para 3º ESO

En resumo, os obxectivos concretos que se pretenden acadar ao longo deste curso nesta materia son os seguintes:

1. Recoñecer e identificar as características da metodoloxía científica.
2. Dar valor á investigación científica e recoñecer o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
3. Identificar os materiais e instrumentos básicos para utilizar nos laboratorios de Física e Química.
4. Coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.
5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
7. Recoñecer os modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías e ver a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.
8. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.
9. Coñecer a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
10. Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.
11. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.
12. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
13. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.
14. Describir no nivel molecular o proceso polo cal os reactivos se transforman en produtos en termos da teoría de colisións.
15. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulacións por ordenador.
16. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.
17. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
18. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.

19. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.
20. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo ao desenvolvemento tecnolóxico.
21. Comparar, analizar e deducir mediante experiencias as características dos imáns e das forzas magnéticas, así como a súa relación coa corrente eléctrica.
22. Recoñecer as distintas forzas que aparecen na natureza e os distintos fenómenos asociados a elas.

3.3 Obxectivos para 4º ESO

En resumo, os obxectivos concretos que se pretenden acadar ao longo deste curso nesta materia son os seguintes:

1. Identificar a investigación como unha ferramenta fundamental para o mundo de hoxe.
2. Formular e comprobar hipóteses desde unha perspectiva científica.
3. Usar vectores e ecuacións para a definición de magnitudes e derivadas.
4. Distinguir entre erro absoluto e erro relativo.
5. Usar o redondeo e o número de cifras significativas correctas para expresar valores de medida.
6. Interpretar gráficas e táboas de datos de procesos físicos ou químicos.
7. Aplicar as TIC na elaboración e na defensa de proxectos de investigación.
8. Usar modelos para interpretar a estrutura da materia.
9. Coñecer e manexar a táboa periódica con destreza.
10. Ter presentes as normas e as recomendacións da IUPAC nas súas distintas aplicacións.
11. Coñecer os elementos da Táboa Periódica, a súa configuración electrónica, as súas propiedades e a súa composición.
12. Afondar na singularidade do carbono e na súa presenza no noso contorno.
13. Utilizar a formulación na representación de hidrocarburos sinxelos.
14. Analizar a importancia da funcionalidade molecular.
15. Inferir leis químicas nos procedementos estudados.
16. Recoñecer a alteración da velocidade nas reaccións moleculares.
17. Distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.
18. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros.

19. Coñecer o comportamento químico de ácidos e bases medindo a súa fortaleza utilizando indicadores e o pH-metro dixital.
20. Levar a cabo experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.
21. Coñecer os distintos tipos de movemento, relacionalos coa velocidade, afondar en sistemas de referencia e vectores para describilos e representalos a través de experiencias de laboratorio e aplicacións virtuais.
22. Analizar as forzas, os principios que as sustentan, aplicándoas na interpretación de fenómenos cotiáns.
23. Entender e explicar as leis gravitacionais, a súa influencia e movemento na velocidade, extrapolando aplicacións prácticas nos problemas espaciais.
24. Resolver problemas aplicando os principios da hidrostática na interpretación de fenómenos naturais.
25. Afondar na transformación da enerxía, no principio de conservación, nas distintas fontes e aplicar o seu coñecemento na resolución de problemas.
26. Recoñecer as distintas fontes de enerxía na aplicación e a experimentación con máquinas térmicas.

3.4 **Obxectivos para BACHARELATO**

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior. O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos para Física e Química de 1º BACHARELATO

En primeiro de Bacharelato, a materia de Física e Química ten un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. A base dos contidos aprendida en cuarto de ESO permitirá un enfoque máis académico neste curso.

En 1.º de Bacharelato, o estudo da Química secuenciouse en catro bloques: aspectos cuantitativos de química, reaccións químicas, transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións, e química do carbono. Este último adquire especial importancia pola súa relación con outras disciplinas que tamén son obxecto de estudo en Bacharelato.

O estudo da Física consolida o enfoque secuencial (cinemática, dinámica, enerxía) esbozado no segundo ciclo de ESO. O aparato matemático da Física cobra, á súa vez, unha maior relevancia neste nivel polo que convén comezar o estudo polos bloques de Química, co fin de que o alumnado poida adquirir as ferramentas necesarias proporcionadas pola materia de Matemáticas. Non debemos esquecer que o emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación merece un tratamento específico no estudo desta materia. Os estudantes de ESO e Bacharelato para os que se desenvolveu o presente currículo básico son nativos dixitais e, en consecuencia, están familiarizados coa presentación e transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outro lado, a posibilidade de acceder a unha gran cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico dos alumnos e das alumnas.

Obxectivos para Química de 2º BACHARELATO

En 2.º de Bacharelato, a materia de Química ten un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. A base dos contidos amplía os adquiridos en 1.º de Bacharelato permitindo un enfoque máis académico neste curso.

En 2.º de Bacharelato, a materia secuenciouse se en catro bloques: actividade científica, orixe e evolución dos compoñentes do universo, reaccións químicas e síntese orgánica e novos materiais. Este último adquire especial importancia pola súa relación co mundo das aplicacións industriais. Inclúese ademais, dentro do bloque da actividade científica, un tema de introdución ou repaso de contidos do curso anterior (estequiometría e termoquímica), para garantir que o alumnado consiga as competencias básicas para afrontar con garantía os temas que se desenvolverán a continuación.

No segundo bloque estúdase a estrutura atómica dos elementos e a súa repercusión nas propiedades periódicas destes. A visión actual do concepto do átomo e as subpartículas que o conforman contrastan coa teoría atómico-molecular coñecida previamente polos estudantes. Entre as características propias de cada elemento destaca a reactividade dos seus átomos e os distintos tipos de enlaces e forzas que aparecen entre eles e, como consecuencia, as propiedades fisicoquímicas dos compostos que poden formar.

O terceiro bloque introduce a reacción química, estudando tanto o seu aspecto cinético como a consecución dun equilibrio dinámico, aproveitándose para revisar a aproximación termodinámica ao

equilibrio químico. Analízanse os factores que modifican tanto a velocidade de reacción como o desprazamento do seu equilibrio. A continuación, estúdanse as reaccións ácido-base e de oxidación-redución, das que se destacan as implicacións industriais e sociais relacionadas coa saúde e o ambiente.

O cuarto bloque aborda a química orgánica e as súas aplicacións actuais relacionadas coa química de polímeros e macromoléculas, a química médica, a química farmacéutica, a química dos alimentos e a química ambiental.

O estudo da química pretende un afondamento nas aprendizaxes realizadas en etapas precedentes, poñendo o acento no seu carácter orientador e preparatorio dos estudos posteriores. Debe promover o interese en buscar respostas científicas e contribuír a que o alumnado se apropie das competencias propias da actividade científica e tecnolóxica. Así mesmo, o seu estudo contribúe á valoración do papel da química e das súas repercusións no ámbito natural e social, e a súa contribución á solución de problemas e grandes retos aos que se enfronta a humanidade, grazas ás achegas tanto de homes coma de mulleres ao avance científico.

A química é capaz de utilizar o coñecemento científico para identificar preguntas e obter conclusións a partir de probas, coa finalidade de comprender e axudar a tomar decisións sobre o mundo natural e os cambios que a actividade humana producen nel. Ciencia e tecnoloxía están hoxe na base do benestar da sociedade. Para o desenvolvemento desta materia considérase fundamental relacionar os contidos con outras disciplinas e que o conxunto estea contextualizado, xa que a súa aprendizaxe se facilita mostrando a vinculación co noso ámbito social e o seu interese tecnolóxico ou industrial.

O achegamento entre a ciencia no Bacharelato e os coñecementos que se deben ter para poder comprender os avances científicos e tecnolóxicos actuais contribúen a que os individuos sexan capaces de valorar criticamente as implicacións sociais que comportan os devanditos avances, co obxectivo último de dirixir a sociedade facía un futuro sostible.

A química é unha ciencia que pretende dar respostas convincentes a moitos fenómenos que se nos presentan como inexplicables e confusos. Os alumnos e as alumnas que cursan esta materia adquiriron nos seus estudos anteriores os conceptos básicos e as estratexias propias das ciencias experimentais. Baseándose nestas aprendizaxes, o estudo da Química ten que promover o interese por buscar respostas científicas e contribuír a que o alumnado adquira as competencias propias da actividade científica.

A química é unha ciencia experimental e, como tal, a súa aprendizaxe leva consigo unha parte teórico-conceptual e outra de desenvolvemento práctico, que implica a realización de experiencias de laboratorio así como a busca, análise e elaboración de información. Cómpre formular situacións de aprendizaxe nas que se poidan aplicar diferentes estratexias para a resolución de problemas, que inclúan o seu razoamento e a aplicación de ferramentas matemáticas. É o momento de poñer énfase en problemas abertos e actividades de laboratorio concibidas como investigacións, que representen situacións máis ou menos realistas, de modo que os estudantes se enfronten a unha verdadeira e motivadora investigación.

Obxectivos para Física de 2º BACHARELATO

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física proporciona aos estudantes unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende os obxectivos desta.

A Física no segundo curso de Bacharelato é esencialmente académica e debe abranger todo o espectro de coñecemento da física con rigor, de forma que se asentem as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores.

Á súa vez, debe dotar o alumnado de novas aptitudes que o capaciten para a súa seguinte etapa de formación, con independencia da relación que esta poida ter coa Física. O currículo básico está deseñado con ese dobre fin.

O primeiro bloque de contidos está dedicado á actividade científica. Tradicionalmente, o método científico veuse impartindo durante a etapa de ESO e presuponse nos dous cursos de Bacharelato. Requírese, non obstante, unha gradación ao igual que acontece con calquera outro contido científico. Na Física de segundo curso de Bacharelato inclúese, en consecuencia, este bloque no que se eleva o grao de esixencia no uso de determinadas ferramentas como son os gráficos (ampliándoos á representación simultánea de tres variables interdependentes) e a complexidade da actividade realizada (experiencia no laboratorio ou análise de textos científicos). Así mesmo, a Física de segundo rompe coa estrutura secuencial (cinemática–dinámica–enerxía) do curso anterior para tratar de xeito global bloques compactos de coñecemento. Deste modo, os aspectos cinemático, dinámico e enerxético combínanse

para compoñer unha visión panorámica das interaccións gravitacional, eléctrica e magnética. Esta perspectiva permite enfocar a atención do alumnado sobre aspectos novos, como o concepto de campo, e traballar ao mesmo tempo sobre casos prácticos máis realistas.

O seguinte bloque está dedicado ao estudo dos fenómenos ondulatorios. O concepto de onda non se estuda en cursos anteriores e necesita, polo tanto, un enfoque secuencial. En primeiro lugar, trátase desde un punto de vista descritivo e, a continuación, desde un punto de vista funcional. Como casos prácticos concretos trátanse o son e, de forma máis ampla, a luz como onda electromagnética. A secuenciación elixida (primeiro os campos eléctrico e magnético, despois a luz) permite introducir a grande unificación da Física do século XIX e xustificar a denominación de ondas electromagnéticas. A óptica xeométrica restrínxese ao marco da aproximación paraxial. As ecuacións dos sistemas ópticos preséntanse desde un punto de vista operativo, co obxecto de proporcionar ao alumnado unha ferramenta de análise de sistemas ópticos complexos.

A Física do século XX merece especial atención no currículo básico de Bacharelato. A complexidade matemática de determinados aspectos non debe ser obstáculo para a comprensión conceptual de postulados e leis que xa pertencen ao século pasado. Por outro lado, o uso de aplicacións virtuais interactivas suple satisfactoriamente a posibilidade de comprobar experimentalmente os fenómenos físicos estudados. A Teoría Especial da Relatividade e a Física Cuántica preséntanse como alternativas necesarias á insuficiencia da denominada física clásica para resolver determinados feitos experimentais. Os principais conceptos introdúcense empiricamente, e formulan situacións que requiren unicamente as ferramentas matemáticas básicas, sen perder por iso rigorosidade.

A busca da partícula máis pequena en que pode dividirse a materia comezou na Grecia clásica; o alumnado de 2.º de Bacharelato debe coñecer cal é o estado actual dun dos problemas máis antigos da ciencia. Sen necesidade de afondar en teorías avanzadas, o alumnado enfróntase neste bloque a un pequeno grupo de partículas fundamentais, como os quarks, e relaciónao coa formación do universo ou a orixe da masa. O estudo das interaccións fundamentais da natureza e da física de partículas no marco da unificación destas pecha o bloque da Física do século XX.

4 TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Acrónimos

Instrumentos de avaliación

OB	Observación
PO	Proba oral
PE	Proba escrita
PL	Práctica de laboratorio
CC	Caderno de clase

Temas transversais

EM	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención violencia
CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías Información e Comunicaci3ns

Competencias clave

CCL	Comunicaci3n lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresi3ns culturais

4.1 Relación de Aspectos Curriculares Para Cada Unidade Didáctica Para 2º_ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS

Aval.	UD	Contidos	Temporalización	
			Mes	Sesións
1	1 O traballo dos científicos	A actividade científica. O método científico: etapas. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. Factores de conversión. Utilización das tenoloxías da información e da comunicación. O traballo no laboratorio.	Sep/Oct	12
	2 A materia que nos rodea	A Materia. Propiedades da materia. Aplicacións dos materiais. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular. Leis dos gases.	Oct/ Nov	10
	3 A diversidades da materia	A materia. Sustancias puras e mesturas. Mesturas de especial interés: disolucións acuosas, aliaxes e coloides. Métodos de separación de mesturas.	Nov/ Dic	12
2	4 A materia se transforma	Os cambios. Cambios físicos e cambios químicos. Reacción química. Lei de conservación da masa. Cálculos estequiométricos sinxelos. Velocidade de reacción. A química na sociedade e o ambiente.	Dic/Ene/ Feb	15
	5 Vivimos o movemento	O movemento. Elementos do movemento. Velocidad media e instantánea. MRU e gráficas do movemento. Aceleración.MRUA e gráficas do movemento. Seguridade vial.	Feb/ Mar	15
3	6 A Forzas	A forzas. Definición de forza. Medida e representación das forzas. Tipos de forzas e os seus efectos.	Mar/ Abr	10
	7 A enerxía e sus transformación	A enerxía. La medida da enerxía. Fontes e tipos de enerxía. Enerxía mecánica. Transformación de enerxía. Conservación e degradación da enerxía. Máquinas simples.	Abr./ May	11
	8 Enerxía térmica	Enerxía térmica. Calor e temperatura. Efecto do calor sobre os corpos. Medida da temperatura. Escalas de temperatura. Propagación do calor. Uso racional de enerxía.Equilibrio térmico. Escalas termométricas. Efectos da calor. Dilatación. Estados da materia.	May/ Jun	7

UNIDADE 1: O TRABALLO DOS CIENTÍFICOS

O bloque 1 do decreto dedicado ao traballo científico, ademais de traballarse na primeira unidade, o esquema de traballo científico se traballará en todas as unidades tanto nas prácticas de laboratorio, o análise dos resultados e a súa valoración, así como na busca e elaboración de traballos escritos.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temas transversais							
							CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
Bloque 1. Traballo científico														
f h	B1.1. Método científico: etapas	B1.1.	FQB1.1.1.	CAA CCL CMCCT	Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X			
	B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.		FQB1.1.2.	CCL CMCCT	Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	Informe de laboratorio Traballos e exercicios	X	X		X	X			
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2.	FQB1.2.1.	CCEC CMCCT	Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	Traballo escrito	X	X						
b f	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	B1.3.	FQB1.3.1.	CMCCT	Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	Informe de laboratorio Exame	X	X						
			FQB1.3.2.	CSIEE CMCCT	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X			
f	B1.5. Traballo no laboratorio.	B1.4.	FQB1.4.1.	CMCCT CCL	Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X			
			FQB1.4.2.	CMCCT	Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X			
e f h i	B1.6. Procura e tratamento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5.	FQB1.5.1.	CAA CCL CMCCT	Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	Traballo escrito	X	X						
			FQB1.5.2..	CAA CD CSC	Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais	Traballo escrito	X	X		X	X			
b e f g	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes.	B1.6.	FQB1.6.1..	CAA CCEC CCL CD	Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións	Informe de laboratorio	X	X		X	X			

CURSO 2019- 2020

h i	Sistema Internacional de Unidades.			CMCCT CSIEE												
	B1.5. Traballo no laboratorio. B1.6. Proxecto de investigación.		FQB1.6.2.	CAA CSC CSIEE	Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	Informe de laboratorio Diario de clase	X	X		X	X					

UNIDADE 2: A MATERIA QUE NOS RODEA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temas transversais							
							CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
Bloque 2. A materia														
b f	B2.1. Propiedades da materia. B2.2. Aplicacións dos materiais.	B2.1.	FQB2.1.1.	CMCCT	Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	Exercicios e exame	X	X						
			FQB2.1.2.	CMCCT	Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	Exercicios e exame	X	X						
			FQB2.1.3.	CMCCT CAA CD	Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	Informe de laboratorio	X	X		X	X			
b f	B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	B2.2.	FQB2.2.1.	CMCCT	Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	Exercicios e exame	X	X						
			FQB2.2.2.	CMCCT	Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.		X	X						
			FQB2.2.3	CMCCT	Describe os cambios de estado da materia e aplícaa á interpretación de fenómenos cotiáns.		X	X						
			FQB2.2.4.	CMCCT	Deduca a partir das gráficas de queceamento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.		X	X						
f	B2.4. Leis dos gases.	B2.3.	FQB2.3.1.	CMCCT	Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	Exercicios e exame	X	X						
			FQB2.3.2.	CAA CMCCT	Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.		X	X						

UNIDADE 3: A DIVERSIDADE DA MATERIA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temas transversais							
							CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
Bloque 2. A MATERIA														
f	B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	B2.4.	FQB2.4.1.	* CD * CMCCT * CAA	Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	E exercicios e exame	X	X						
			FQB2.4.2.	* CD * CMCCT	Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.		X	X						
			FQB2.4.3.	* CD * CMCCT * CAA	Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	Informe de laboratorio	X	X			X			
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas	B2.5.	FQB2.5.1.	*CAA *CMCCT *CSIEE	Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	Informe de laboratorios E exercicios e exame	X	X			X			

UNIDADE 4: A MATERIA SE TRANSFORMA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Temas transversais							
							CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
Bloque 3. OS CAMBIOS														
f h	B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química.	B3.1	FQB3.1.1.	* CMCCT * CAA	Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotián en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	E exercicios e exame Informe de laboratorio	X	X						
			FQB3.1.2.	* CD * CMCCT CAA	Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e reconece que se trata de cambios químicos.		X	X			X			
			FQB3.1.3.	* CD * CMCCT * CAA	Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.		X	X			X			
f	B3.2. Reacción química.	B3.2.	FQB3.2.1.	* CMCCT	Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	E exercicios e exame	X	X						
f	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.3.	FQB3.3.1.	CMCCT	Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	E exercicios e exame	X	X						

CURSO 2019- 2020

m			FQB3.3.2.	CMCCT CSC CCL CAA	Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.		X	X			X						
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.3.	FQB3.3.2.	* CMCCT	Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	Ejercicios e exame	X	X					X				
	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.4.	FQB3.4.1.	* CD * CMCCT * CAA CCL	Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.		X	X					X				

UNIDADE 5: VIVIMOS O MOVEMENTO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
Bloque 4. O MOVEMENTO E AS FORZAS														
b f	B4.3. Velocidade media.	B4.2.	FQB4.2.1	CAA CD CMCCT	Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado	Informe de laboratorio	X	X			X			X
			FQB4.2.2.	CMCCT	Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	Ejercicios e exame	X	X						X
f	B4.4. Velocidade media. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.	B4.3	FQB4.3.1	CMCCT	Deduca a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Ejercicios e exame	X	X						X
			FQB4.3.2..	CMCCT	Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo	Ejercicios e exame	X	X						X

UNIDADE 6: AS FORZAS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
Bloque 4. O MOVEMENTO AS FORZAS														
f	B4.1. Forzas: efectos. B4.2. Medida das forzas.	B4.1.	FQB4.1.1.	CMCCT CAA	En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	Exercicios e exame	X	X			X			
			FQB4.1.2.	CMCCT CAA	Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	Informe de laboratorio	X	X			X			
			FQB4.1.3	CMCCT	Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo	Exercicios e exame	X	X						
i 	B3.14. Indución electromagnética.	B3.12..	FSB3.12.1.	CMCCT	Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.	Exame	X	X									
				CMCCT	Caracteriza o campo magnético creado por unha espira e por un conxunto de espiras.	Exame	X	X									
i 	B3.15. Forza magnética entre condutores paralelos.	B3.13.	FSB3.13.1	CMCCT	Analiza e calcula a forza que se establece entre dous condutores paralelos, segundo o sentido da corrente que os percorra, realizando o diagrama correspondente.	Exame	X	X									
i 	B3.16. Lei de Ampère.	B3.14.	FSB3.14.1..	CMCCT	Xustifica a definición de ampere a partir da forza que se establece entre dous condutores rectilíneos e paralelos.	Exame	X	X									
i 	B3.16. Lei de Ampère.	B3.15.	FSB3.15.1.	CMCCT	Determina o campo que crea unha corrente rectilínea de carga aplicando a lei de Ampère e exprésao en unidades do Sistema Internacional.	Exame	X	X									

UNIDADE 4: INDUCCIÓN ELECTROMAGNÉTICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
BLOQUE 3. INTERACCIÓN ELECTROMAGNÉTICA														
i 	B3.17. Fluxo magnético.	B3.16.	FSB3.16.1.	CMCCT	.Establece o fluxo magnético que atravesa unha espira que se atopa no seo dun campo magnético e exprésao en unidades do Sistema Internacional.	Exame	X	X						
g i 	B3.18. Leis de Faraday-Henry e Lenz. B3.19. Forza electromotriz.	B3.17.	FSB3.17.1	CMCCT	Calcula a forza electromotriz inducida nun circuíto e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz.	Exame	X	X						
			FSB3.17.2.	CD CMCCT CAA	Emprega aplicacións virtuais interactivas para reproducir as experiencias de Faraday e Henry e deduce experimentalmente as leis de Faraday e Lenz.	Informe de laboratorio	X	X		X	X			
i 	B3.20. Xerador de corrente alterna: elementos. B3.21. Corrente alterna: magnitudes que a caracterizan.	B3.18	FSB3.18.1.	CMCCT	Demostra o carácter periódico da corrente alterna nun alternador a partir da representación gráfica da forza electromotriz inducida en función do tempo.	Exame	X	X						
			FSB3.18.2..	CMCCT CD CAA	Infíre a produción de corrente alterna nun alternador, tendo en conta as leis da indución.	Exame Informe de laboratorio	X	X		X	X			

h i l	B4.12. Enerxía e intensidade das ondas sonoras.	B4.11.	FSB4.11.1..	CMCCT	Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibeles e a intensidade do son, aplicándoa a casos sinxelos.	Exame	X	X								
h i l	B4.12. Enerxía e intensidade das ondas sonoras.	B4.12.	FSB4.12.1.	CMCCT	Relaciona a velocidade de propagación do son coas características do medio en que se propaga.	Exame	X	X								
	B4.13. Contaminación acústica.		FSB4.12.2.	CMCCT	Analiza a intensidade das fontes de son da vida cotiá e clasifícaa como contaminantes e non contaminantes.	Exame	X	X								
h i l	B4.14. Aplicacións tecnolóxicas do son.	B4.13.	FSB4.13.1.	CMCCT CAA CD CCL	Coñece e explica algunhas aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras, como a ecografía, o radar, o sonar, etc.	Exercicio	X	X		X	X					

UNIDADE 6: ONDAS ELECTROMAGNÉTICAS. A LUZ.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
BLOQUE 4. ONDAS														
i l	B4.15. Ondas electromagnéticas.	B4.14.	FSB4.14.1.	CMCCT	Representa esquematicamente a propagación dunha onda electromagnética incluíndo os vectores do campo eléctrico e magnético.	Exame	X	X						
			FSB4.14.2.	CMCCT	Interpreta unha representación gráfica da propagación dunha onda electromagnética en termos dos campos eléctrico e magnético e da súa polarización.	Exame	X	X						
h i l	B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas.	B4.15.	FSB4.15.1..	CMCCT CAA CD	Determina experimentalmente a polarización das ondas electromagnéticas a partir de experiencias sinxelas, utilizando obxectos empregados na vida cotiá.	Informe de laboratorio	X	X		X	X			
			FSB4.15.2..	CMCCT	Clasifica casos concretos de ondas electromagnéticas presentes na vida cotiá en función da súa lonxitude de onda e a súa enerxía.	Exame	X	X						
h i l	B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. B4.17. Dispersión. A cor.	B4.16.	FSB4.16.1..	CMCCT CAA CD CCL	Xustifica a cor dun obxecto en función da luz absorbida e reflectida.	Exercicio Exame	X	X		X	X			
h i l	B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas.	B4.17.	FSB4.17.1	CMCCT CAA CD	Analiza os efectos de refracción, difracción e interferencia en casos prácticos sinxelos.	Informe de laboratorio	X	X		X	X			
i l	B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. B4.18. Espectro electromagnético.	B4.18.	FSB4.18.1.	CMCCT	Establece a natureza e as características dunha onda electromagnética dada a súa situación no espectro.	Exame	X	X						
			FSB4.18.2.	CMCCT	Relaciona a enerxía dunha onda electromagnética coa súa frecuencia, a lonxitude de onda e a velocidade da luz no baleiro.	Exame	X	X						
h i l	B4.19. Aplicacións das ondas electromagnéticas no espectro non visible.	B4.19.	FSB4.19.1.	CD CCEC CMCCT CCL	Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas.	Exercicio	X	X		X	X			

CURSO 2019- 2020

m			FSB4.19.2..	CMCCT CSC CCL	Analiza o efecto dos tipos de radiación sobre a biosfera en xeral, e sobre a vida humana en particular.	Exercicio	X	X		X	X				
			FSB4.19.3.	CMCCT CSIEE CD CAA	Deseña un circuíto eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento.	Informe de laboratorio	X	X		X	X				
g h i l	B4.20. Transmisión da comunicación.	B4.20.	FSB4.20.1.	CD CMCCT CAA CSIEE CCL	. Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión da información.	Exercicio	X	X		X	X				

UNIDADE 7: ÓPTICA XEOMÉTRICA.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
BLOQUE 5. ÓPTICA XEOMÉTRICA														
i l	B5.1. Leis da óptica xeométrica.	B5.1.	FSB5.1.1.	CMCCT	Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica	Exame	X	X						
h i l	B5.2. Sistemas ópticos: lentes e espellos.	B5.2.	FSB5.2.1..	CMCCT CD CAA	Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla.	Informe de laboratorio	X	X		X	X			
			FSB5.2.2.	CMCCT CD CAA	Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X			
h i l	B5.3. Olo humano. Defectos visuais.	B5.3.	FSB5.3.1.	CMCCT	Xustifica os principais defectos ópticos do olo humano (miopía, hipermetropía, presbicia e astigmatismo), empregando para iso un diagrama de raios.	Exame	X	X						
h i l m	B5.4. Aplicacións tecnolóxicas: instrumentos ópticos e a fibra óptica.	B5.4.	FSB5.4.1..	CMCCT CAA CD	Establece o tipo e disposición dos elementos empregados nos principais instrumentos ópticos, tales como lupa, microscopio, telescopio e cámara fotográfica, realizando o correspondente trazado de raios.	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X			
			FSB5.4.2.	CMCCT CSC	Analiza as aplicacións da lupa, o microscopio, o telescopio e a cámara fotográfica, considerando as variacións que experimenta a imaxe respecto ao obxecto.	Exame	X	X						

UNIDADE 8: FÍSICA CUÁNTICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
------------	----------	-------------------------	--------------------------	--------------------	----------------------------	----------------------------	----	-----	----	-----	-----	----	----	----

BLOQUE 6. A FÍSICA DO SÉCULO XX													
i	B6.2. Orixes da física cuántica. Problemas precursores.	B6.2.	FSB6.2.1.	CMCCT	Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.	Exame	X	X					
l			FSB6.2.2.	CMCCT	Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.	Exame	X	X					
i	B6.3. Física cuántica.	B6.3.	FSB6.3.1.	CCL CMCCT	. Discute os postulados e os aparentes paradoxos asociados á teoría especial da relatividade e a súa evidencia experimental.	Exame	X	X					
i	B6.4. Enerxía relativista. Enerxía total e enerxía en repouso.	B6.4.	FSB6.4.1.	CMCCT	Expresa a relación entre a masa en repouso dun corpo e a súa velocidade coa enerxía deste a partir da masa relativista.	Exame	X	X					
h	B6.5. Insuficiencia da física clásica.	B6.5.	FSB6.5.1.	CMCCT	.Explica as limitacións da física clásica ao enfrontarse a determinados feitos físicos, como a radiación do corpo negro, o efecto fotoeléctrico ou os espectros atómicos.	Exame	X	X					
i	B6.6. Hipótese de Planck.	B6.6.	FSB6.6.1.	CMCCT	Relaciona a lonxitude de onda e a frecuencia da radiación absorbida ou emitida por un átomo coa enerxía dos niveis atómicos involucrados.	Exame	X	X					
h	B6.7. Efecto fotoeléctrico.	B6.7.	FSB6.7.1.	CMCCT CD CAA	Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns.	Exercicio	X	X		X	X		
i						Exame	X	X		X	X		
i	B6.8. Espectros atómicos. Modelo cuántico do átomo de Bohr.	B6.8.	FSB6.8.1	CMCCT CAA CD CCL	Interpreta espectros sinxelos, relacionándoos coa composición da materia.	Informe de laboratorio Exame	X	X		X	X		
i	B6.9. Interpretación probabilística da física cuántica.	B6.9.	FSB6.9.1.	CMCCT	Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas.	Exame	X	X					
i	B6.9. Interpretación probabilística da física cuántica. B6.10. Principio de indeterminación de Heisenberg.	B6.10.	FSB6.10.1.	CMCCT	Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg e aplícao a casos concretos, como os orbitais atómicos.	Exame	X	X					
i	B6.11. Aplicacións da física cuántica. O láser.	B6.11.	FSB6.11.1.	CMCCT CAA CD CCL	Describe as principais características da radiación láser en comparación coa radiación térmica.	Exercicio	X	X		X	X		
l			FSB6.11.2.	CMCCT CAA CD CCL	Asocia o láser coa natureza cuántica da materia e da luz, xustifica o seu funcionamento de xeito sinxelo e recoñece o seu papel na sociedade actual.	Exercicio	X	X		X	X		

UNIDADE 9: FÍSICA NUCLEAR E DE PARTÍCULAS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
BLOQUE 6. A FÍSICA DO SÉCULO XX														
i l	B6.12. Radioactividade: tipos.	B6.12.	FSB6.12.1.	CMCCT CSC	Describe os principais tipos de radioactividade incidindo nos seus efectos sobre o ser humano, así como as súas aplicacións médicas.	Exame	X	X						
i l	B6.13. Física nuclear.	B6.13.	FSB6.13.1.	CAA CMCCT	Obtén a actividade dunha mostra radioactiva aplicando a lei de desintegración e valora a utilidade dos datos obtidos para a datación de restos arqueolóxicos.	Exame	X	X						
			FSB6.13.2.	CMCCT	Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas.	Exame	X	X						
h i l	B6.14. Núcleo atómico. Leis da desintegración radioactiva.	B6.14.	FSB6.14.1.	CCL CMCCT CAA CD	Explica a secuencia de procesos dunha reacción en cadea, e extrae conclusións acerca da enerxía liberada.	Exame Exercicio	X	X		X	X			
			FSB6.14.2.	CMCCT CAA CD	Describe as aplicacións máis frecuentes da enerxía nuclear: produción de enerxía eléctrica, datación en arqueoloxía, radiacións ionizantes en medicina e fabricación de armas.	Exercicio	X	X		X	X			
h i l	B6.15. Fusión e fisión nucleares.	B6.15.	FSB6.15.1	CMCCT CD CAA	Analiza as vantaxes e os inconvenientes da fisión e a fusión nuclear, e xustifica a conveniencia do seu uso.	Exercicio	X	X		X	X			
h i l	B6.16. As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil.	B6.16.	B6.16.1.	CMCCT	Compara as principais teorías de unificación establecendo as súas limitacións e o estado en que se atopan.	Exame	X	X						
h i l	B6.16. As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil.	B6.17.	B6.17.1.	CMCCT	Establece unha comparación cuantitativa entre as catro interaccións fundamentais da natureza en función das enerxías involucradas.	Exame	X	X						
h i l	B6.17. Interaccións fundamentais da natureza e partículas fundamentais.	B6.18.	FSB6.18.1.	CMCCT	Compara as principais características das catro interaccións fundamentais da natureza a partir dos procesos nos que estas se manifestan.	Exame	X	X						
			FSB6.18.2.	CMCCT	Xustifica a necesidade da existencia de novas partículas elementais no marco da unificación das interaccións.	Exame	X	X						
i l	B6.18. Partículas fundamentais constitutivas do átomo: electróns e quarks.	B6.19.	FSB6.19.1.	CMCCT CAA CD	Describe a estrutura atómica e nuclear a partir da súa composición en quarks e electróns, empregando o vocabulario específico da física de quarks.	Exercicio Exame	X	X		X	X			
			FSB6.19.2.	CMCCT	Caracteriza algunhas partículas fundamentais de especial interese, como os neutrinos e o bosón de Higgs, a partir dos procesos en que se presentan.	Exame	X	X						
h i l	B6.19. Historia e composición do Universo.	.B6.20.	FSB6.20.1.	CMCCT CD CAA	Relaciona as propiedades da materia e da antimateria coa teoría do Big Bang.	Exercicio Exame	X	X		X	X			
			FSB6.20.2.	CCL CMCCT CD	FSB6.20.2. Explica a teoría do Big Bang e discute as evidencias experimentais en que se apoia, como son a	Exercicio	X	X		X				

			CAA	radiación de fondo e o efecto Doppler relativista.							X			
		FSB6.20.3.	CCL CMCCT CD CAA	FSB6.20.3. Presenta unha cronoloxía do universo en función da temperatura e das partículas que o formaban en cada período, discutindo a asimetría entre materia e antimateria.	Exercicio	X	X			X	X			

UNIDADE 12: FÍSICA RELATIVISTA.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
BLOQUE 6. A FÍSICA DO SÉCULO XX														
i	B6.1. Introducción á teoría especial da relatividade.	B6.1.	FSB6.1.1.	CMCCT	Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da relatividade.	Exame	X	X						
l			FSB6.1.2..	CAA CMCCT	Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron.	Exame	X	X						

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

LENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria.

5 METODOLOXÍA

5.1 Aspectos Xerais

A metodoloxía a seguir sera de carácter activo e participativo, de tal xeito que o alumnado sexa o auténtico protagonista da súa aprendizaxe. Esta actividade debe entenderse dende unha óptica de **aprendizaxe significativa**, buscando que o alumnado relacione os novos coñecementos coa súa estrutura mental previa, permitindo conexións e modificacións da devandita estrutura.

Os obxectivos de aprendizaxe deben buscar o **desenvolvemento continuo das habilidades de pensamento dos alumnos**, para que no futuro se fagan críticos e independentes, capaz de comportarse correctamente no seu mundo. Así, a ensinanza debe ser **activa e motivadora**, facendo un desenvolvemento sistemático dos contidos, nos que destaque o carácter cuantitativo da física e da química e tentar relacionalas con situacións da vida real. Sendo esencial que cada unidade, comece co coñecemento que os alumnos xa teñen para que se poidan relacionar cos novos conceptos que adquiren a medida co curso avanza.

A partir desas premisas, a metodoloxía científica proposta neste Proxecto curricular para acadar estes obxectivos e estes estándares de aprendizaxe, busca a estrutura óptima dos conceptos básicos de cada unidade, tanto no aspecto conceptual e procesual, co uso dalgúns datos que deben ser almacenados (símbolos e valencias dos elementos, ecuacións físicas simples, etc.), acompañados por moitos exercicios variados, de natureza inductiva e / ou deductiva que permitan ca aprendizaxe destas materias convírtase nun capital valioso para todos os alumnos en primeiro de bacharelato, non só no ámbito específico desta asignatura, senón para calquera outro coñecemento.

Sen esquecer o equilibrio necesario entre a aprendizaxe teórica e implicación práctica. Polo tanto, as actividades **prácticas no laboratorio**, tan importantes nesta asignatura, está enfocada para axudar a comprender os fenómenos estudados e desenvolver competencias de manipulación.

Ademais, ambas esixen, física e química, do uso de vídeos e charlas ou actividades que relacionen Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade, que, sen dúbida, contribuirán a mellora da actitude e motivación dos alumnos, e enriquecer a súa formación como cidadáns, preparándoos para tomar mellores decisións, facer avaliacións críticas, etc.

En calquera caso, na aplicación da presente Programación Didáctica, non debemos esquecer que, se o **alumno é protagonista da súa propia aprendizaxe**, parece desexable e apropiado promover o diálogo e a reflexión entre os alumnos, conseguindo unha aprendizaxe cooperativa coas propostas dos debates, actividades de equipo e desenvolvemento de proxectos conxuntos. Isto require un clima de aula non ameazante que promove a confianza das persoas na súa capacidade de aprender e non o medo ao fracaso.

5.2 Estratexias Metodolóxicas

A metodoloxía concreta que se sigue na aula podería clasificarse en varios tipos de actividades, que se adaptan a cada unidade didáctica e ao nivel do alumnado:

- 1 **Actividades de exploración:** ao inicio de cada unidade se evaluarán os coñecementos previos dos alumnos con respecto ao tema que se vai tratar mediante preguntas abertas o pasando tests breves. Esta actividade tamén debe servir para que o alumnado recoñeza os coñecementos que xa posee.
- 2 **Actividades para espertar o interese:** ao comezo da unidade se lanzará una proposta o una demostración en el laboratorio (tipo snack experiment) que esperte a curiosidade polo tema e plantexe posibles explicacións do fenómeno observado, pero sin profundizar. Deste xeito promóvese a curiosidade e revelarase a solución ao final da unidade.

- 3 Actividades formativas:** xunto coa transmisión de contidos tradicional, combinarase coa realización de actividades e tarefas de afianzamento con contidos teóricos. Estas actividades realizaranse de xeito:
- Individual
 - Pequeño grupo
 - Gran grupo.

Entre as actividades e tarefas non só está a solución de problemas e cuestións teóricas, senón tamén a lectura de biografías de científicos e posterior resumen, a lectura de textos científicos ou curiosidades científicas, coa búsqueda de solución ás cuestións plantexadas acerca do tema, etc.

4. Prácticas de laboratorio: prestarase especial atención á realización de prácticas en cada unidade, non só por contribuír á adquisición de contidos e habilidades, senón porque ao alumnado resúltalle divertido e aprende mellor. Estas prácticas están previstas nos guións das prácticas que se lles facilita aos alumnos. No caso de 2º de Bacharelato coidase realizar todas as prácticas recomendadas polos Grupos de Traballo da CIUG, ademais de outras prácticas complementarias que se considera que aportan una mellor visión do tema de estudo.

As prácticas avalíanse observando o traballo de cada alumno no laboratorio, e a través dun informe da práctica que deben presentar individualmente ou en grupo. Este informe terá formato de artigo científico: introducción, obxectivo, materiais e reactivos, procedemento, resultados e conclusión.

5. Actividades de avaliación: ademais das dúas probas escritas que se realizarán en cada avaliación, existen outras actividades para avaliar o grado de adquisición de coñecementos e habilidades dos alumnos:

- prácticas de laboratorio
- boletíns de exercicios e cuestións
- resúmenes de biografías
- cuestións sobre textos científicos
- Actividades interactivas cos ordenadores (estudo da táboa periódica e exercicios de formulación) avaliábeles.
- Participación voluntaria na clase
- Intervencións en debates o preguntas abertas
- traballo diario.

6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os libros de texto empregados serán:

- 2º ESO: a materia se imparte dentro do programa Edixgal, co material dispoñible na plataforma.
- 3º ESO: Libro Física y Química. Serie Investiga 3º ESO Saber hacer Santillana 2015 978-84-680-1742-6 Castelán.
- 4º ESO: Física y Química. Serie Investiga 4º ESO Saber hacer Santillana 2016 978-84-680-3790-5 Castelán
- 1º Bac: Física y Química 1 Edebé 2015 978-84-683-2059-5 Castelán.
- 2º Bac Física: apuntes propios e boletins de actividades.

- 2º Bac Química: Apuntes propios e boletíns de actividades, cuadernillo de prácticas, visualización de moléculas 3D, etc, colgados na Aula Virtual do centro. As diapositivas coa teoría e o boletín de exercicios, se facilitará na fotocopiadora do centro para aqueles alumnos que o precisen

7 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1 Avaliación Continua

Realizaránse probas escritas cuxo baremo se indica nos puntos seguintes.

Ademais , existen outras actividades para avaliar o grado de adquisición de coñecementos e habilidades dos alumnos:

- prácticas de laboratorio
 - boletíns de exercicios e cuestións
 - resúmenes de biografías
 - cuestións sobre textos científicos
 - Actividades interactivas cos ordenadores (memorización da táboa periódica e exercicios de formulación) avaliáveis.
 - Participación voluntaria na clase
 - Intervencións en debates o preguntas abertas
 - Revisión das libretas de clase.
 - Traballo diario.
- Física e química de 2º ESO, faránse dous exames por avaliación que abranguerán a materia tratada ata ese momento. O primeiro exame, por tanto contendrá aproximadamente a metade da materia da avaliación, por tanto a nota do segundo exame pondera o dobre que a do primeiro.
 - Exame 1....pondera 1/3
 - Exame 2 ...pondera 2/3

A nota media da avaliación se calcula:

- 70% media ponderada dos exames
 - 30%media das actividades escritas, informes de prácticas e traballo na aula.
- Ciencias aplicadas á actividade profesional de 4º ESO:
Faránse dous exames por avaliación que abranguerán a materia tratada ata ese momento. O primeiro exame, por tanto contendrá aproximadamente a metade da materia da avaliación, por tanto a nota do segundo exame pondera o dobre que a do primeiro.
 - Exame 1....pondera 1/3
 - Exame 2 ...pondera 2/3

A nota media da avaliación se calcula:

- 60% media ponderada dos exames
- 40%media das actividades escritas, informes de prácticas e traballo na aula.

- Física e química de 3º ESO, 4º ESO

Faránse dous exames por avaliación que abranguerán a materia tratada ata ese momento. O primeiro exame, por tanto contendrá aproximadamente a metade da materia da avaliación, por tanto a nota do segundo exame pondera o dobre que a do primeiro.

Exame 1....pondera 1/3

Exame 2 ...pondera 2/3

A nota media da avaliación se calcula:

75% media ponderada dos exames

25%media das actividades escritas, informes de prácticas e traballo na a

- Física e Química de 1º BAC

Faránse dous exames por avaliación que abranguerán a materia tratada ata ese momento. O primeiro exame, por tanto contendrá aproximadamente a metade da materia da avaliación, por tanto a nota do segundo exame pondera o dobre que a do primeiro.

Exame 1....pondera 1/3

Exame 2 ...pondera 2/3

A nota media da avaliación se calcula:

80% media dos exames.

20% actividades, traballos presentados e traballo na aula.

- Física de 2º BAC e Química de 2º BAC

Faránse dous exames por avaliación que abranguerán a materia tratada ata ese momento. O primeiro exame, por tanto contendrá aproximadamente a metade da materia da avaliación, por tanto a nota do segundo exame pondera o dobre que a do primeiro.

Exame 1....pondera 1/3

Exame 2 ...pondera 2/3

A nota media da avaliación se calcula:

90% media dos exames.

10% actividades, traballos presentados e traballo na aula.

- O aprobado en cada avaliación se obterá cando a nota sexa maior o igual a 5.
- Os informes de prácticas, boletíns, traballos etc deberán ser entregados na data establecida. De non ser así non se recollerá e puntuará con 0 puntos.
- Redondearase a partir de x,75 á nota entera superior.
- Cando un alumno suspenda unha avaliación, poderá recuperala na proba de Recuperación correspondiente.
- No exame de recuperación terase en conta os traballos realizados na avaliación, e abrírase un novo prazo de entrega dos traballos que faltaran, para ser tidos en conta nesta ocasión.

- En caso de non recuperar algunha/s das avaliacións, o alumnado terá a oportunidade de recuperala/s no exame FINAL da materia, que terá lugar en Xuño.
- O exame de recuperación en Setembro será de toda a materia impartida no curso.

7.2 Avaliación Final

A nota final do alumno estará formada por:

- a) Aqueles alumnos que non realicen o exame final, será a nota media das tres avaliacións.
- b) Aqueles alumnos que realizan o exame final, será a nota media entre o devandito exame e as notas das avaliacións aprobadas.

7.3 Avaliación Extraordinaria

Os alumnos que non superen as materias do departamento tras a Avaliación Final Ordinaria, disporán doutra oportunidade no mes de setembro, presentándose a unha proba extraordinaria de recuperación.

Se facilitará ao alumnado un boletín de exercicios de repaso da materia que terá que entregar o día do exame.

A nota de Setembro terá en conta a proba escrita e a nota do boletín:

- Proba escrita: 80%
- Boletín: 20%

8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Desenvolverase a avaliación do ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora de calidade do ensino. g

Para obter información do proceso de ensino empregaranse algunhas das seguintes técnicas:

- **Observación:** directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análise de contido da programación didáctica).
- **Entrevista:** permitiranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións etc. dos alumnos e das súas familias. O seu emprego adecuado esixe sistematización: definición dos seus obxectivos, a delimitación da información que se pensa obter e o rexistro dos datos esenciais que se obtiveron.
- **Cuestionarios:** complementan a información obtida a través da observación sistemática e entrevistas periódicas. Resulta de utilidade a avaliación que realizan os alumnos sobre algún elemento da programación: que iniciativas metodolóxicas foron máis da súa agrado, con que formula de avaliación senten máis cómodos, etc.

Levarase a cabo o seguemento e valoración do traballo do profesor:

Modelo de rúbrica para que o alumnado avalíe o proceso de ensino e a práctica docente

INDICADORES	1	2	3	4	Propostas de Mellora
O profesor proporciona toda a información relevante para a materia (programa, metodoloxía, sistema de avaliación...)					
O profesor informa sobre o sistema de avaliación e o peso dos distintos instrumentos de avaliación.					
O profesor explica con claridade e resalta os aspectos importantes de materia.					
As clases son amenas e mantéñese a atención.					
As tarefas para realizar na casa son axeitadas en cantidade e dificultade.					
O número de cuestións e problemas realizados na aula son suficientes para dominar a materia.					
Os recursos didácticos empregados (presentacións, vídeos, simulacións...) son adecuados.					
O profesor fomenta a participación de todo o alumnado.					
A avaliación (exames, traballos) garda relación co explicado na aula.					
Os comentarios nas correccións dos exames e traballos resultáronme moi útiles.					
A planificación e contidos das prácticas de laboratorio parecéronme adecuados.					
O profesor amósase accesible e disposto no trato persoal co alumnado					

INDICADORES	1	2	3	4	Proposta de mellora
Realizo unha avaliación inicial e axusto a programación ás características do alumnado.					
Plantexo algunha actividade para detectar os coñecementos previos de cada unidade.					
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.					
Proporciono información aos alumnos/as sobre as actividades realizadas e lles dou pautas para melloralas.					
Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.					
Propoño actividades individuais e de grupo para reforzar e ampliar os contidos.					
Utilizo dispositivos audiovisuais ou doutro tipo para apoiar as explicacións dos contidos.					
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.					
Plantexo actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe da materia.					
Plantexo actividades grupais e individuais.					
Utilizo distintas ferramentas de avaliación en función dos contidos tratados na unidade.					
Informo ao alumnado e aos seus pais dos resultados obtidos, así como de calquera outra incidencia.					

A avaliación do proceso de ensino terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de maneira continua. Con iso pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos nas Propostas de Mellora da Programación de xeito que cada curso escolar, a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

9 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado coa materias de Física e Química pendente de cursos anteriores, deberá seguir un programa de recuperación baseado na superación dos contidos mínimos establecidos para esta materia. O Xefe de Departamento encargarse de informar das datas das probas e sistema de recuperación establecido.

- Realizárase unha proba escrita.
- Para a preparación da proba escrita, o alumnado poderá realizar uns cuestionarios con actividades e problemas, propostos polo Departamento e tamén consultar as dúbidas que lle poidan xurdir dirixíndose ao Xefe de Departamento.
- A nota media calcularase :
 - 90% nota das probas escritas.
 - 10% boletín de exercicios presentado no momento do exame..
- Para conseguir unha avaliación positiva o alumno deberá ter una nota media maior o igual a "5".

10 ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO

O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro.

Esta acreditación poderase realizar:

a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.

b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse según criterios obxectivos e avaliábeis, de xeito que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

De esta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, no seu caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

No caso das materias de Física de 2º e Química de 2º de Bacharelato, non cabe esta posibilidade xa que todo o alumnado da modalidade está matriculado na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato.

11 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase nos primeiros dez días de clase. Esta proba estará formada por unha serie de preguntas e problemas básicos relacionados con contidos que o alumno debe coñecer do curso pasado.

As preguntas da proba serán definidas para que se poidan reflectir o nivel medio de coñecemento dos alumnos, e claramente marcar os obxectivos a atinxir a partir da información obtida desta proba.

Terase especial coidado para chegar a eses estudantes que alcancen unha nota moi baixa. Facilitaráselles material de reforzo temporal axeitado para superar estas lagoas cognitivas iniciais.

12 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

• ESO

Se hai alumnos con necesidades educativas especiais incorporaranse á programación logo de coordinar accións co departamento de Orientación.

Para os alumnos que non teñen necesidades educativas especiais prepararanse:

- a. Exercicios de reforzo para aqueles alumnos que teñan algunha dificultade.
- b. Exercicios de ampliación para os alumnos que o precisen.
- c. Resolveranse na aula as dúbidas relacionadas cas exercicios propostos.

• Bacharelato

En xeral, os alumnos que chegan o bacharelato non presentan necesidades especiais moi definidas. Sin embargo, sempre pode haber alumnos con relativos problemas para acadar os obxetivos propostos. Estes alumnos con axudas concretas e realizando actividades axeitadas a cada caso, poden chegar a acadar a formación demandada.

Existen tamén alumnos máis capaces, que progresan moi rapidamente e a os que é preciso satisfacer nas súas ambicions formativas.

Por todo o antedito, a programación é flexible e prevé a realización de actividades de reforzo e de ampliación, destinadas ambas a seren realizadas tanto individualmente como en grupo.

13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O ensino da Física e da Química ha de orientarse de xeito que acadese outros obxetivos educativos fundamentais na formación de todos os individuos, tales como educación para a paz, para a saúde, educación do consumidor, educación pra igualdade entre sexos, educación ambiental, educación vial, etc.

ESO

Os contidos que mais se traballan son:

- a) Sustancias e axentes que contaminan o medio ambiente.
- b) Valoración e respecto pola conservación do noso contorno.
- c) Valoración do diálogo como medio pacífico de comunicación.
- d) Actitude responsable diante do consumo de bens e de enerxía.
- e) Responsabilidade no uso cotián de materiais, sustancias químicas e no verquido dos refugos.
- f) Contribución o traballo científico de persoas independentemente da súa raza, sexo, relixión ou condición social.

Bacharelato

Segundo a liña iniciada na ESO, o ensino da Física e da Química oriéntase de xeito que permita acadar outros obxetivos educativos imprescindibles na formación dos cidadáns, como son os temas transversais, os cales están presentes de xeito permanente nas clases. Nestes cursos préstase unha especial atención a:

- a) O medio ambiente e ós factores que o poden afectar,
- b) Axentes contaminantes e formas de contaminación
- c) Valoración e respecto por a conservación do medio
- d) Actitude racional fronte o consumo de materias primas e enerxía
- e) Valoración do diálogo como medio pacífico de comunicación e entendemento entre pobos .
- f) Necesidade das normas de circulación vial, especialmente no que se refire a control de velocidades, tempos de freado, cinturón de seguridade, estado dos neumáticos, etc
- g) Coidado no manexo de máquinas, rendemento das mesmas.
- h) Normas de seguridade no traballo

14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades programadas para este curso son:

1. **Charla** pertencente ao programa “Charlas no IES” ou ao programa “A Ponte” da USC. Trátase dunha actividade gratuíta dirixida ao alumnado de 1º e 2º BACH, que curse as materias de Física e Química. As datas aínda non están determinadas, pero se prevén en Abril.
2. **Solsticio de Inverno:** Observación astronómica. Realizarase una observación astronómica no recinto do Centro empregando prismáticos e un telescopio particular, durante o mes de Decembro, segundo as condicións meteorolóxicas. A actividade terá lugar preferentemente un luns despois das clases da tarde, arredor do 21 de Decembro segundo a meteoroloxía. Está dirixida ao alumnado de 1º e 2º Bach A que voluntariamente quera asistir.

3. **Solsticio de Verán:** reprodución do experimento de Eratóstenes. O día 21 de Xuño, e como despedida do curso, realizarásse entre as 13 e as 16 h a reprodución do Experimento de Eratóstenes para medir o radio da Terra. Esta actividade vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO e realizarase no recinto do centro.
4. **Sesión no planetario portátil da Ruta Quetzal:** una empresa externa cun profesor montará un planetario portátil no centro e fará unha proxección cunhos contidos establecidos en UD con cuestionarios que o alumnado deberá completar. Vai dirixido a alumnado de 2º e 4º ESO.

15 MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados.

Tamén se irá tomando nota de todas as suxestións que vaian xurdindo co obxectivo de velar polo axuste e calidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes *indicadores*:

	INDICADORES DE LOGRO DE SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN	VALORACIÓN (De 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
1	Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.		
2	Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos.		
3	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.		
4	Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.		
5	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.		
6	Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.		
7	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.		
8	Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.		
9	Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.		
10	Adecuación da secuencia de traballo na aula.		
11	Adecuación dos materiais didácticos utilizados.		
12	Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).		
13	Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.		
14	Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.		

15	Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para 2º de bacharelato].		
16	Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.		
17	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.		
18	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.		
19	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.		
20	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.		
21	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.		
22	Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.		
23	Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.		
24	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.		
25	Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.		
26	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.		
27	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.		
28	Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.		
29	Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.		
30	Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.		

16 PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

A programación didáctica encóntrase a libre disposición de quen queira consultala en Xefatura de Estudos en formato electrónico.

Por outra banda, a información do funcionamento da asignatura é subministrada de forma resumida ao alumnado ao comezo de curso.